



Pode verificar este documento en <http://funcionpublica.xunta.es> co seguinte código:

Código do documento: 02GGFIKMKFEGP5QEGFD6

Recibíronse nesta Dirección xeral diversas consultas sobre a posibilidade de goce de forma discontinua da excedencia por coidado de fillos/as menores de tres anos e familiares.

A regulación destas excedencias está recollida para o persoal funcionario no artigo 57.4 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, e para o persoal laboral no artigo 24.1 e 2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Así mesmo, están reguladas estas excedencias no artigo 89.4 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 46.3 do Estatuto dos Traballadores.

O Estatuto dos Traballadores contempla expresamente que este tipo de excedencias poderán gozarse de forma fraccionada, tras a modificación operada pola Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así pois, para os efectos de fomentar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, esta dirección xeral establece que:

“ Tanto a excedencia por coidado de fillo/a menor de tres anos como a excedencia por coidado de familiares poderá gozarse de forma fraccionada, sempre dentro do prazo máximo establecido para o persoal funcionario polo artigo 57.4 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, e para o persoal laboral no artigo 24.1 e 2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Este gozo poderá realizarse en períodos mínimos de 1 mes, debendo transcorrer a lo menos 1 mes desde o reingreso do anterior período ata o inicio do seguinte, e nestes casos, non se autorizará o reingreso nos períodos en que no exista actividade no centro de traballo onde se está a prestar servizos logo do informe da consellería de destino.

O período de excedencia será único por suxeito causante, polo que non será posible continuar na dita situación, despois de esgotar o período máximo, agás que se declare como consecuencia do coidado dun novo suxeito causante”.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2013

O director xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz



02GGFIKMKFEGP5QEGFD6